


ROSELL MESEGUER

Tierras raras. Quadra minerale

05.02 — 08.04 / 2022



Aquel lugar onde a maxia atópase coa ciencia

Fernando Gómez de la Cuesta

A luz do coñecemento, a fascinación pola maxia, a ciencia, a experiencia, a sensibilidade e a arte. Ver onde ninguén ve, descubrir o que ninguén sabe, aprender a mirar e ensinar a mirar, dirixir o pensamento cara a esas ideas e eses lugares que non percibiramos antes. O ser humano busca as súas respostas no saber científico pero tamén na súa propia creatividade, naquilo que lle é esencial, no que lle define como especie. Quizais poida resultar chocante falar de maxia nun proxecto como este, unha análise de aspecto científico, enciclopédico, que reúne datos con rigor e profusión. Talvez pareza raro, si, pero non debemos esquecer que esta proposta recolle unha profunda e dilatada investigación realizada por **Rosell Meseguer**, unha artista que aplicou nela o seu coñecemento, a súa intelixencia e o seu esforzo, pero tamén a súa sensibilidade, a súa creatividade e unha indubidable procura da beleza.

Nas pezas de Meseguer adoita obrarse o prodixio da marabilla, o esconxuro da arte e da prestidixitación, a expresión do saber erudito, un proceso alquímico onde a ciencia, a maxia, a observación a conciencia e o traballo incansable fusiónanse para dar forma aos seus proxectos. Os artistas teñen a responsabilidade de ofrecernos novos camiños para que podamos percorrelas, sobre todo, se nos atopamos nun contexto de evidente crise ecolóxica, social e sanitaria, nuns tempos de colapso como estes que estamos a vivir. É nesta época estraña e apaixonante na que ***Tierras raras. Quadra minerale*** configúrase como unha análise aparentemente obxectiva das chamadas terras raras, pero tamén de determinadas nocións e utensilios de minería que, conectados, encárganse de construír unha rede conceptual que une toda esta enumeración de elementos cos usos e cos discursos tecnolóxicos que esta contemporaneidade, desmesurada e superlativa, lles foi impondo.

Até aquí pode parecer que a vontade da artista é a de compendiar, a de realizar unha relación exhaustiva, un labor inmenso que dota de definicións pertinentes cada un dos termos que son obxecto da súa análise, pero en realidade esta proposta é moito máis que iso. Desde esa achega inxente de datos, desde o particular criterio de selección dos diferentes conceptos, desde a posta en relación dos uns cos outros, Meseguer pretende deixar en evidencia as fallas dun sistema que nos levou ao síncope, á crise e á alienación. A sobre-explotación dos recursos minerais, a contaminación, a asfixia ambiental, a insostibilidade, o colonialismo, a cobiza, a guerra, a especulación, o capitalismo salvaxe e sen escrúpulos ou a pobreza, son cuestións problemáticas que van xurdindo da lectura atenta dun proxecto que posúe un contido máis ideolóxico e reivindicativo que o que facía prever a súa aparencia obxectiva, descritiva e neutra.

Ademais dese posicionamento latente que acabamos de sinalar, ***Tierras raras. Quadra minerale*** constitúese como un singular manifesto metafórico do traballo do artista, do esforzo aplicado ao desenvolvemento dunha investigación, do tempo investido nela, do rigor e do coñecemento co que esta se fai. Unha proposta coa aparencia formal dun estudo académico, dun glosario científico, pero que vai debuxando, baixo as súas múltiples capas de lectura, moitas daquelas cousas para as que serve a arte: producir novas perspectivas, abrir itinerarios inesperados, contribuír a xerar outras sensibilidades, outras formas de ver e de pensar. Unha exposición que marca un espazo de creación, un lugar de reflexión e de debate, e o fai desde aqueles puntos de simbioses e de fricción onde as acepcións vólvense ambiguas, onde as cousas non sempre son o que parecen, alí onde os conceptos defínense polos seus límites e non tanto pola súa esencia. Porque a arte, ao final, é aquel lugar onde a maxia atópase coa ciencia.

Fundación DIDAC

DARDO Instituto do Deseño
e das Artes Contemporáneas
www.didac.gal




Esta mostra conta coa colaboración especial do artista e artesán **Frank Buschmann** coas pezas ***Helvetica Black*** e ***Silla#4***, cortesía da Galería **Álvaro Alcázar**.

ROSELL MESEGUER

Tierras raras. Quadra minerale

05.02 — 08.04 / 2022



Un proxecto comisariado por Fernando Gómez de la Cuesta

1. Libro *Quadra minerale*, 2017-2021
Vademécum sobre a táboa periódica dos elementos
2. *Herbario de plantas industriais*, 2008
Libro de artista
Cianotipias
3. *Wolframio*, 2021-2022
Libro de contas pintado a man
4. *Tierras raras*, 2017-2022
Colección de libros de contas pintados a man

5. *Tránsitos. Del Mediterráneo al Pacífico*, 2007
Libro de cianotipias

- Dupla Litio-Petróleo*, 2021-2022
Dous libros de contas pintados a man

6. *Documentación del desarrollo del proyecto*

Folleto de aceiros
Mapa da Península Ibérica e os seus ríos
Metal mineiro
Postal Mina Kiruna, Suecia
Mapa xeolóxico


7. *Vagoneta*, 2007
Emulsión fotosensible
Marrón Van Dycke sobre papel

8. *Elementos de la tabla periódica. Arcillas, petróleo y yesos*, 2021-2022
Emulsión pictórica, purpurinas e pigmentos sobre papel

9. *Sewel industrial*, 2006-2007
Fotografía sobre aluminio e espello tinguido

10. *Silla#4*, 2021
Cadeira de Frank Buschmann

Helvetica Black, 2021
Mesa de Frank Buschmann



De esquerda á dereita:

- 8.A Mármores
- 8.B Petróleo e arxilas
- 8.C Ouro, cobre, aluminio, prata, mercurio (cinabrio)
- 8.D Xesos
- 8.E Metais (3)
- 8.F Paladio e platino
- 8.G Chumbo
- 8.H Cobre
- 8.I Wolframios (2)

Fundación DIDAC

DARDO Instituto do Deseño e das Artes Contemporáneas
www.didac.gal

